



APE GALICIA – NOVAS

- ✓ REUNIÓN DA MESA DO EMPREGO AUTÓNOMO
- ✓ PRESENTACIÓN PLAN FPGAL360
- ✓ PREMIOS FERROZ PONTEVEDRA 2025
- ✓ FITUR 2025
- ✓ PREMIOS AJE VIGO 2025
- ✓ AXUDAS E SUBVENCIÓNS XANEIRO



APE GALICIA - NOVAS

❖ REUNIÓN DA MESA DO EMPREGO AUTÓNOMO

O día 17 de xaneiro APE Galicia foi convocada a unha nova reunión da Mesa do Emprego autónomo na que participaron a secretaria Lucía Pedroso e o presidente de APE Galicia.

Durante a reunión abordáronse diversos temas relativos ao estado das axudas dirixidas ao colectivo autónomo co fin de seguir traballando en novas medidas e axudas que favorezan ao colectivo.

Deste xeito APE Galicia continua coa súa colaboración nesta mesa de traballo creada pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e aportando a súa experiencia e traballando en beneficio do colectivo autónomo ao que a entidade representa e tratando de acadar propostas para impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia.

❖ PRESENTACIÓN DO PLAN FPGAL 360

O pasado 24 de xaneiro a Xunta de Galicia presentou o Plan FPGal 360, unha estratexia con obxectivos de consolidar a Formación Profesional (FP) como unha opción de primeira, reducir o abandono escolar e mellorar a inserción laboral. O plan conta cun orzamento de 24 millóns de euros ata 2028.

Este plan baséase en tres eixes principais: combater o abandono escolar temperá, mellorar a orientación profesional e vocacional e facilitar a titulación das persoas mozas sen cualificación. Entre as medidas destacan o reforzo da FP Básica, itinerarios personalizados, e o uso de novas ferramentas tecnolóxicas como o OPI Orienta, que axuda a deseñar percorridos formativos e mellorar o acceso á información profesional.

A iniciativa tamén busca que o 100% do alumnado siga formándose ata os 18 anos e recuperar aos que abandonaron os estudos. O sistema de FP en Galicia presenta unha alta taxa de inserción laboral, especialmente na FP Dual, e continúa incrementando o número de matrículas e empresas colaboradoras.

O Plan FPGal 360 ten como obxectivo preparar á poboación para afrontar os retos do mercado laboral e mellorar as súas oportunidades profesionais.



❖ FITUR 2025

O pasado 23 de xaneiro o presidente de APE Galicia, José Ramón Caldas, en representación da entidade trasladouse a Madrid para visitar a *Feria Internacional del Turismo-FITUR 2025* onde

puido comprobar de primeira man a oferta turística da nosa comunidade autónoma e a importancia que o sector turístico ten hoxe en día.

A proposta turística "Galicia Acogedora" recibiu unha excelente acollida no Fitur 2025, especialmente o turismo de interior, destacando a Ribeira Sacra pola súa candidatura a Patrimonio da Humanidade. Outras zonas valoradas foron a Costa da Morte, a Mariña Luguesa e o termalismo. O Camiño de Santiago e o enoturismo tamén foron moi consultados, destacando as rutas do viño. O perfil de turistas que máis consultas fixeron foi de persoas seniors e familiares.

Galicia participou con 50 presentacións de destinos turísticos que foron moi ben valoradas tanto polo público xeral como polo sector profesional. O evento pecha con cifras récord: 155.000 profesionais e case 100.000 visitantes no público xeral.

❖ PREMIOS FEROZ 2025

O pasado 25 de xaneiro Pontevedra acolleu a gala de entrega dos Premios Feroz 2025 no Recinto Feiral. Este evento, organizado pola Asociación de Informadores Cinematográficos de España (AICE), converteuse no epicentro do cine español, e a cidade foi o escenario dunha celebración chea de estrelas do cine e a televisión.

A gala, que se alargou un pouco máis das dúas horas debido a retrasos na entrega dos premios, comezou puntual coa alfombra roja, onde máis de mil convidados posaron ante a prensa, destacando figuras como Pedro Almodóvar, Candela Peña, Carmen Machi ou Yolanda Díaz. A

gala, presentada por La Dani, tivo un ton reivindicativo, feminista e humorístico, e foi retransmitida en directo a través de La 2 de RTVE e o canal de YouTube dos Premios Feroz, alcanzando unha media de 327.000 espectadores.

A este acto acudiu o presidente da asociación Jose Ramón Caldas.



❖ PREMIOS AJE VIGO 2025

O 30 de xaneiro celebrouse o acto da XIX edición do Premio Xove Empresario/a e Iniciativa Emprendedora de AJE Vigo, o obxectivo do premio é «visibilizar e recoñecer o esforzo de mozos empresarios e emprendedores». Ademais das dúas categorías principais, como cada ano, outórganse dous accésits aos proxectos máis



innovadores e aos que se destaquen polas boas prácticas en RSE (responsabilidade social empresarial). Tamén se entregará un Premio Honorífico. A este acto acudiu o presidente de

APE Galicia, Jose Ramón Caldas e a secretaria da asociación Lucía Pedroso.

❖ AXUDAS E SUBVENCIONS IGAPE E XUNTA DE GALICIA XANEIRO 2025

O IGAPE e a Xunta de Galicia pon en marcha as axudas e subvencións destinadas as persoas traballadoras autónomas, a continuación deixamos enlace de cada axuda:

IG300C : Trasnf. Dixital pemes

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Unha Europa máis competitiva e intelixente, promovendo unha transformación económica innovadora e intelixente e unha conectividade rexional ás tecnoloxías da información e das comunicacións, e aproveitar as vantaxes que ofrece a dixitalización á cidadanía, ás empresas, ás organizacións de investigación e ás administracións públicas.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250113/AnuncioO92-101224-0001_es.html

IG408A: Axudas a proxectos de investimento empresarial

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: estimular a posta en marcha de proxectos de investimento empresarial en Galicia coa finalidade principal de dinamizar a actividade económica na Comunidade Autónoma, así como a

innovación, a través do desenvolvemento e mellora das empresas existentes, e coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250113/AnuncioO92-121224-0001_es.html

IG408K: Programa ticket innova

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: O obxectivo desta resolución é aprobar as bases para conceder axudas ás pemes galegas, especialmente ás de sectores tradicionais, para fomentar a innovación e o uso de servizos tecnolóxicos que melloren a súa produtividade e competitividade, financiando a contratación de servizos especializados en innovación.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250113/AnuncioO92-171224-0001_es.html

IG402A: Programa re-acciona

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: facilitar a execución dun conxunto de servizos profesionais por parte de entidades colaboradoras.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2024/20240115/AnuncioO92-271223-0003_es.html

IG534D: Novacions debedas

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Facilitar a recuperación dos importes debidos por préstamos, mediante a novación das débedas, co fin de axustar o calendario de reintegro á capacidade de reembolso.https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250113/AnuncioO92-271224-0001_es.html

IG408B: Prestamos financiamento empresarial

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: préstamos directos do Igape para o financiamento empresarial en Galicia.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250113/AnuncioO92-271224-0002_es.html

IG535A: Fianciemento IGAPE - Pemes

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Apoyar ao acceso ao crédito das pequenas e medianas empresas, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as sociedades de garantía recíproca (SGR) e as entidades de crédito adheridas (financiamento Igape-pemes), que se

desagrega nas liñas de financiamento específica

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250113/AnuncioO92-080125-0001_es.html

IG408M: Desenvolvemento tecnolóxico e a innovación mediante o uso da intelixencia artificial para o ano 2025.

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Apoiar ás pemes e grandes empresas de Galicia no desenvolvemento tecnolóxico e a innovación a través do uso da Intelixencia Artificial.
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250114/AnuncioO92-090125-0001_es.html

IG408L: Programa igape innova

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: incrementar a capacidade innovadora das mesmas, mediante a introdución de innovacións significativas que incrementen a súa competitividade, a través da aplicación do deseño, da xeración e incorporación de coñecementos, tecnoloxías e innovacións destinadas á mellora de procesos e á creación de produtos e servizos tecnoloxicamente avanzados e de maior valor engadido.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250114/AnuncioO92-090125-0003_es.html

TR349F: Programa de axudas a persoas traballadoras autónomas pola contratación indefinida e a formación de persoas asalariadas

Programas de axuda ás persoas traballadoras autónomas

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Incentivar a contratación indefinida inicial e á formación de persoas desempregadas realizadas polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250117/AnuncioG0767-271224-0011_es.html

TR341D: Promoción del Empleo Autónomo

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Axudar a persoas desempregadas que inicien a súa actividade como autónomos.

TR790A: Programa nueva oportunidade

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Apoiar a autónomos que cesaron na súa actividade e desexan emprender novamente.

TR341Q: Bono de las personas trabajadoras autónomas.

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Apoiar a consolidación de proxectos autónomos con máis de tres anos de antigüidade.

TR353D: Bono remuda de las personas trabajadoras autónomas.

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Incentivar o traspaso de negocios por substitución xeracional.

TR341R: Ayudas para la conciliación de la persona trabajadora autónoma.

- Prazo de presentación: 24/01/2025 - 30/09/2025
- Obxecto: Fomentar a conciliación da vida familiar e laboral de autónomos.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250117/AnuncioG0767-271224-0013_es.html

TR807J: Funcionamento de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial.

- Prazo de presentación: 23/01/2025 - 24/02/2025
- Obxecto: Subvencionar a creación e/o funcionamento de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250122/AnuncioG0767-261224-0003_es.html

TR852A-B: Prevención de Riesgos Laborales

- Plazo de presentación: 28/01/2025 - 27/02/2025
- Objeto: Formación y asesoramiento en prevención de riesgos laborales.

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2025/20250127/AnuncioG0767-301224-0009_es.html



Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

O nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra



